[entrevista] **Anxos Sumai** | Premio Blanco Torres de Xornalismo Literario 2007

"O espazo dixital non matará o libro en papel nin os xornais que coñecemos hoxe en día"

■ A escritora de Catoira afirma que "algún día internet será un medio normal de distribución e lectura, pero para iso cómpre moito tempo"

DP | Chus Gómez
FOTO | Maribel Longueira

CUNTIS | Anxos Sumai é a flamante gañadora da oitava edición do Premio Blanco Torres de Xornalismo Literario e de Opinión, que conceden o Concello de Cuntis e a Universidade de Santiago. O fallo deuse a coñecer o pasado venres.

Presentárase ó premio ou foi unha proposta do xurado?

-Foi unha proposta do xurado. Ignoraba que fose candidata ó premio ata o momento en que me comunicaron o fallo.

Neste caso a sorpresa debeu ser aínda maior. Como recibiu a noticia?

-Colleume totalmente por sorpresa e máis aínda porque o Blanco Torres só o recibiran autores con seccións publicadas na prensa escrita. E eu non tivera en todo ano ningunha sección desas características.

É a primeira vez que unha muller recibe o Premio de Xornalismo Literario e de Opinión Roberto Blanco Torres. Que significa iso para vostede?

-Persoalmente non significa absolutamente nada. Eu confío máis na forza da palabra, nas miradas persoais, que na capacidade de opinión, e de creación, das hormonas.

Con todo, poida que este tipo de recoñecementos permita visibilizar o traballo das mulleres nos medios de comunicación, aínda que o que a min me interesa é que o feito de que unha muller sexa premiada deixe de ser considerado algo excepcional.

Tamén se racha nesta ocasión unha liña continuísta con premiados de avanzada idade, auténticas lendas da literatura e o xornalismo en galego, por unha persoa máis nova. A que atribúe ese cambio?

-Tería que preguntarllo ó xurado. Eu espero que, como na pregunta anterior, non se trate dunha decisión tomada en función de se son muller e máis nova que os anteriores premiados. Espero que considerasen a calidade e o interese das miñas seccións. Con todo, imaxino unha mirada máis aberta do xurado, que foi alén da prensa escrita e valorou, por vez primeira, as colaboracións na radio e en internet.

Outra das novidades foi que o xurado destacou a importancia cada vez maior das novas linguaxes, das novas tecnoloxías e dos soportes no xornalismo galego. Como cre que afectan estas novas linguaxes ó panorama da literatura e ó xornalismo en Galicia? Mata internet á estrela da rotativa? Compiten as editoriais na rede (de feito creo que só hai unha) coas tradicionais? Como albisca o futuro neste senso?

-Eu non son xornalista pero podo asegurarche que no mundo da creación ninguén mata a ninguén. Só hai universos que evolucionan. O medio non mata á estrela, é a estrela quen decide en que universo se sente máis cómoda e máis creativa. E o mesmo que o vídeo non matou á estrela da radio, nin a fotografía á pintura, o espazo dixital non matará o libro en papel nin os xornais que coñecemos hoxe en día. Ten que acontecer un longo proceso de evolución e de adaptación. Eu prefiro falar de espazo dixital como soporte creativo e de internet como forma de distribución da creación. Algún día internet será un medio normal de distribución e de lectura pero para iso cómpre tempo, moito tempo.

Falemos dos artigos polos que foi premiada. Que significa iso de ser "perigosamente normais"? Seguen a mesma liña dos seus libros-diarios?

-Vista a "normalidade" que nos envolve cada día, significa ser definitivamente anormais. Pretendín deixar en evidencia os desaxustes, os desequilibrios que intuímos na cotidianeidade aparentemente tranquila que levamos e amosar un grito que ás veces se filtra entre as regañas das paredes, porque algo acontece ó noso lado e non somos quen de velo debido, precisamente, á normalidade con que transcorre a vida. E si, todo o que escribo segue un camiño que non sei ata onde me levará. Escribir é, para min, case un rito erótico no que cada xesto, cada aroma, cada palabra pretende achegarse á calidez da vida.

E, por certo, ata que punto son autobiográficas estas dúas obras?

-Ata o punto do desconcerto e da confusión, que me encantan. É un xogo no que podo pasar do biográfico á ficción e mesmo á fantasía. Recoñezo que no que escribo hai unha parte importante de min, pero pregúntome se alguén que se dedique á creación literaria pode xurar que non puxo nin un sentimento propio, ningunha imaxe vivida na súa obra.

Nelas destaca a súa relación coas súas raíces, con Catoira, mesmo durante a semana en Santiago. Que significa este apego?

-Catoira, máis ben Santa Baia, é o que son. Aí naceume a necesidade de contar, a ilusión dos soños e a certeza de que os desexos poden ser satisfeitos. Comín moita terra de pequena e iso mantense no sangue e na carne.

Ten en mente publicar algún novo libro?

-Teño en mente escribir e escribo sen pausas. De aí a que publique terá que pasar tempo abondo para que madureza a obra. Non teño ansia ningunha por publicar un libro cada ano. Teño, máis ben, a paciencia dunha sementadora que sabe esperar a que naza o que teña que nacer. E nacerá no seu tempo.

Hai case un ano manifestaba que "o idioma é para min unha cuestión puramente afectiva". Ten escrito algo noutra lingua? Considera a posibilidade?

-Todo o que escribín, polo de agora, está escrito no idioma en que existen a tona, a chuvia, as xoubas e as laranxas agres. No idioma en que se me desatou a lingua comecei a falar. Hai na miña escrita unha necesidade profunda de satisfacer os afectos que me foron dados. Amais de en galego, só podería escribir en castelán, un idioma no que tamén daría resposta a moitos afectos, sobre todo literarios.

Eterno o debate da literatura feminina versus literatura masculina. Precisamente escribe en 'Melodía de días usados' que un debate sobre esta cuestión lle parecía unha perda de tempo. Cre que algún día se deixará de lado esta cuestión? Ten algunha razón de ser?

-E segue a parecerme unha perda de tempo. É máis, a literatura feminina ou como queiras chamarlle non me interesa en absoluto. Intéresanme a boa literatura saia de onde saia.

Dicía tamén o ano pasado que a "literatura non paga facturas". Que valora máis, logo: os 6.000 euros, a publicación dos artigos ou o recoñecemento que supón o premio?

-O que máis valoro é o respecto dos lectores e dos oíntes, porque as miñas palabras sempre son para alguén, para alguén a quen respecto enormemente.■

"Confío máis na forza da palabra, nas miradas, que na capacidade de creación das hormonas"

"Pretendín deixar en evidencia os desaxustes que intuímos na cotidianeidade tranquila"

"Todo o que escribo está no idioma en que existen a tona, a chuvia, as xoubas e as laranxas agres"

[o perfil]

Anxos Sumai (Catoira, 1960), é documentalista, tradutora e escritora. Colaborou en distintas publicacións nos anos 80 e 90 e a súa actividade literaria desenvólvese na rede dende o ano 2001 en culturagalega.org, onde tivo as seccións 'Anxos e diaños', con Roberto Ribao, e 'Anxos da garda'. Colaborou na segunda etapa da revista Guía dos libros novos coa sección 'Hemisferio Oeste' (2003-2004). Entre os traballos de tradución destacan os Diarios de Syra Alonso (2000). Como narradora publicou Anxos da garda (2003) e Melodía de días usados (2005). Tiña xa no seu haber os premios literarios Novos valores da Narrativa Galega (1985), 2º premio no 11º Concurso de narración curta Modesto Figueiredo, o Pedrón de Ouro (1986) e o Premio da Crítica de Galicia (2004).